

Por Resolución Reitoral de 17 de decembro de 2010 estableceuse a posibilidade de matrícula no Traballo fin de grao con condicións especiais para os alumnos adaptados aos planos de grao. Ao persistir as circunstancias que motivaron dita autorización, cómpre prorrogar a súa vixencia mentres dure o proceso de implantación dos planos de grao e a extinción dos planos regulados por ordenacións anteriores.

É por isto que esta Reitoría resolve:


PRIMEIRO.- Ao alumnado adaptado dende un plano de estudos a extinguir se lles eximirá do requisito de ter superado todos os créditos da primeira metade da titulación establecidos na resolución reitoral de 18 de maio de 2010 pola que se regula o Traballo fin de grao.

En todo caso, os alumnos como resultado do proceso de adaptación ao grao deberán estar en condicións de presentarse ao Traballo fin de grao por restarlles un máximo de 75 créditos para rematar os seus estudos.

SEGUNDO.- A autorización recollida na presente resolución terá vixencia para as titulacións afectadas mentres dure proceso de extinción dos planos regulados por ordenacións anteriores.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2011

O reitor



Juan J. Casares Long